

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA  
DO 27 DE DECEMBRO DE 2021**

**1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00058633H.**

Aprobación de actas de sesións anteriores. |

**2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00038580K.**

Licenza obra maior. |

Concédesse ao Arcebispado de Santiago licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao Proxecto asinado polos arquitectos Iago Seara Morales e Juan Orozco Corredoira presentado o 18/08/2021 e documentación achegada o 26/10/2021., cun orzamento de execución material de 797.281,32 €, a rehabilitación do pavillón historicista e do muro de peche do Mosteiro de San Martiño Pinario sito na Praza da Inmaculada 5 Santiago de Compostela (A Coruña).

**3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00026771B.**

Licenza obra maior. |

Denégase licenza, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución, para a rehabilitación de dúas vivendas adosadas situadas na Avenida de San Marcos, xa que a documentación presentada é incompatible coa protección do patrimonio e conservación dos valores de acordo cos motivos expostos no punto 2.1 da Resolución da DXP do 15/10/2021.

**4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00037021A.**

Licenza obra maior. |

Concédesse á Comunidade de propietarios Avda de Lugo 217 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Carlos Rodríguez Puente, a instalación de ascensor no edificio situado na Avda de Lugo, 217 Santiago de Compostela ( A Coruña), cun orzamento de execución material de 66.200,00 €


**5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00019906T.**

Licenza obra maior. |

Concédesse a Dº Antón Barreiro Iglesias licenza para o proxecto básico redactado polos arquitectos Faustino Patiño Cambeiro e Juan I. Prieto López de data de visado do 23/04/2021 e a documentación presentada o 08/09/2021, cun orzamento de execución material de 225.015,63. O proxecto básico refírese á construción dunha vivenda unifamiliar en rúa Fontela nº19 Aríns.

**6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00008992Z.**

Licenza obra maior |



## CONCELLO DE SANTIAGO

Concédesse a D<sup>o</sup> Manuel Bouzas Collazo licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e segundo o proxecto técnico presentado o 26/02/2021 e a documentación técnica complementaria (consistente en planos de alzados corrixidos do estado actual achegados na data 18/10/2021) elaborado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerro, a demolición da edificación situada na Rúa Vista Alegre, 47 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 11.565,00 €. Remítense copia da presente resolución á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

### **7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00026463W.**

Licenza obra maior.

Concédesse a D<sup>a</sup> Silvia Cortizo Zúñiga licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico de reestruturación de vivenda familiar (con selo de visado de data 09/06/2021) e o proxecto de execución (con selo de visado de data 29/07/2021) e a documentación complementaria (con selo de visado de data 15/09/2021), redactados pola arquitecta Miriam Cortizo Zúñiga, a reestruturación de edificio entre medianeiras para o uso de vivenda familiar na Rúa do Olvido 19 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 133.778,18 €.

### **8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00020189F.**

Licenza obra maior.

Concédesse a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Villaverde Martínez licenza para o proxecto básico redactado polo arquitecto José M<sup>a</sup> Lorenzo Fernández de data de visado do 06/05/2021 e a documentación presentada o 24/09/2021 e o 22 e 30/10/2021, para construción de vivenda unifamiliar na Rúa Cruz de Outenín, 45, cun orzamento de execución material de 111.800,00€, €.

### **9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00034237W.**

Licenza obra maior.

Concédesse a D<sup>a</sup> Mercedes Rodríguez Gómez licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto José Luis Estévez Suárez de data de visado do 07/07/2021, a construción de piscina prefabricada de uso privado no Lfg Marmacou 15A Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 6.511,49 €

### **10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00027144Q.**

Aceptación de cesión de viario e licenza obra maior.


Acéptase a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 09/12/2021, outorgada ante o Notario dona Inmaculada Espiñeira Soto.

Concédesse a D<sup>a</sup> Fátima Romero de Paz licenza para o proxecto básico redactado polo arquitecto José Sanchidrián Peregil de data de visado do 20/08/2021, e a documentación presentada o 16/09/2021 e o 09/12/2021, para vivenda unifamiliar na rúa Chouciños, 8, cun orzamento de execución material de 140.559,82 €.

### **11. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00005852F.**

Aceptar cesión de viario e licenza de obra maior.

Acéptase a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data



## CONCELLO DE SANTIAGO

21/11/2011, outogada ante o Notario don Carlos de la Torre Deza.  
Concédesse a D<sup>a</sup> Paula Iris Iglesias Osorio licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Juan Seara Otero de data de visado do 03/12/2020 e a documentación presentada o 16/11/2021, cun orzamento de execución material de 199.616,37€, a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lg do Pedrido 35B Roxos Santiago de Compostela (A Coruña).

### 12. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00032715K.

Aceptar cesión de viario e licenza de segregación.

Acéptase a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 28/09/2021, outogada ante o Notario don Francisco López Moledo.

Concédesse a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Villaverde Abelleira licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Pedro María Melero Cao presentado o 09/07/2021 e a documentación do 29/09/2021, a segregación da parcela situada en Vilvestro Santiago de Compostela (A Coruña) en catro parcelas.

As licenzas entenderanse outogadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

### 13. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00019528J.

Aceptar cesión de viario e licenza de segregación.

Acéptase a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 20/09/2021, outogada ante o Notario don Jose Carlos Hermida Plana.

Concédesse a D<sup>o</sup> Francisco José Raindo Flórez e D<sup>o</sup> Juan Manuel Raindo Flórez licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira presentado o 03/08/2021 e a documentación presentada o 21/09/2021, a segregación e parcelación da finca situada no Lugar Pardiñeiros Folgoso Santiago de Compostela en cinco parcelas.

As licenzas entenderanse outogadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

### 14. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00014848W.

Licenza de parcelamento.


Rexíitanse as alegacións presentadas nas datas 13 e 14 de setembro de 2021 por D<sup>a</sup> Flora María Carollo Pregue xa que a parcela de orixe pode ser segregada en dúas parcelas, unha con fronte ó núcleo orixinal e outra con fronte ó viario na extensión de núcleo. O que non se pode informar favorablemente é o que propón como parcela de resultado 135-2, porque non tería fronte a viario público.

Denégase a D<sup>a</sup> Flora María Carollo Pregue licenza para realizar o parcelamento da finca sita en Lugar Folgoso 24, Santiago de Compostela (A Coruña).

### 15. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00032714C.

Licenza de parcelamento.

Concédesse DMADVANCE INVEST SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico



## CONCELLO DE SANTIAGO

Industrial Víctor Lojo Paz presentado o 09/07/2021 e a documentación do 23/09/2021, o parcelamento na parcela 78 situada na Rúa Polonia 41 Polígono Costa Vella Santiago de Compostela (A Coruña) en dúas parcelas.

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

### 16. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00032712H.

Licenza de parcelamento.

Concédese a DMADVANCE INVEST SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado polo Enxeñeiro técnico industrial Víctor Lojo Paz presentado na data 09/07/2021 e a documentación presentada o 07/10/2021, o parcelamento da parcela 75 situada na Rúa República Checa, 54 Polígono de Costa Vella Santiago de Compostela ( A Coruña) en dúas parcelas.

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro

### 17. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00033502A.

Licenza movemento parcial de terras.

Concédese a Dº Javier Ramos Grille licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado polo arquitecto técnico Pablo Xosé Pouso Iglesias de data de visado do 29/09/2021 e a documentación presentada o 06/10/2021, cun orzamento de execución material de 17.789,67 €, o movemento parcial de terras na parcela sita na Rúa Polonia, 39 Polígono A Sionlla Santiago de Compostela ( A Coruña).

### 18. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/26/2020.

Licenza obra maior.


Concédese a Dº Carlos Otero pazos licenza para o proxecto básico redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa de data de visado do 11/06/2019, cun orzamento de execución material de 26.800,00 €. O proxecto básico refírese á adecuación de fachadas e reforma de porches en vivenda unifamiliar existente situada no Lg Marantes, 5 Santiago de Compostela (A Coruña).

### 19. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2021/00048715J.

Licenza de obra nova para construción de edificación destinada a 9 vivendas protexidas, 3 unidades de residencial comunitario, 20 prazas de garaxe e 11 rochos na Rúa Estrada, 83.

Concédese a ESTRADA, 83, SOCIEDADE COOPERATIVA GALLEGA licenza de OBRA NOVA para a construción de edificación de 5 plantas na RUA DA ESTRADA, 83, parcela BA1 do Plan de sectorización do SUNP-11 do Castiñeiriño, segundo Proxecto básico modificado asinado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais con data de 17/12/2021, cun orzamento de execución material de 560.000 €.

As actuacións consistirán na construción de edificación de baixo, tres plantas altas e unha planta semisoto destinadas a 9 vivendas de protección de réxime especial, 3 unidades de residencial comunitario, 20 garaxes e 12 rochos, cunha superficie construída total de 2.016,50 m<sup>2</sup> (1713,40 m<sup>2</sup> de superficie útil), ocupación en planta baixa de 356,15 m<sup>2</sup> e altura máxima de 13,85 metros.



## CONCELLO DE SANTIAGO

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza de vivendas de bloque aberto do Plan de sectorización do SUNP-11.

### **20. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: SUNP-38.**

Aprobación definitiva de modificacións no Proxecto de reparcelación do solo urbanizable non programado número 38 (SUNP-38). Formarís |

Apróbanse definitivamente as modificacións no Proxecto de equidistribución do SUNP-38 aprobado o 26.07.2012.

### **21. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00037236B.**

Recepción das obras “Execución das obras do proxecto técnico de renovación da sala de caldeiras existente no Pazo de Raxoi.

Autorízase o inicio de trámites para proceder á recepción das obras de “Execución das obras do proxecto técnico de renovación da sala de caldeiras existente no Pazo de Raxoi”.

### **22. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00041518S.**

Recepción obras “Execución das obras de rehabilitación do firme na vía de Edison”.

Autorízase o inicio de trámites para proceder á recepción das obras de “Execución das obras de rehabilitación do firme na vía de Edison”.

### **23. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00052114P.**


Devolución da fianza “Prestación do servizo de intervención arqueolóxica mediante sondaxes valorativas no proxecto de acondicionamento exterior do castelo de A Rocha Forte (A Rocha, Santiago de Compostela), actuación cofinanciada polo FEDER no marco do programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.” . CON/52/2019. |

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, *TEMPOS ARQUEÓLOGOS, SL*, CIF: B70608948, por importe de 1.145,00 euros para responder do contrato de “Prestación do servizo de intervención arqueolóxica mediante sondaxes valorativas no proxecto de acondicionamento exterior do castelo de A Rocha Forte (A Rocha, Santiago de Compostela), actuación cofinanciada polo FEDER no marco do programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.” CON/52/2019.

### **24. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00025422L.**

Dar conta á Xunta de Goberno sobre os recursos especiais en materia de contratación intepostos pola CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA e a empresa SERRAL ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE ARCHIVOS Y BIBLIOTECAS, contra os pregos da licitación “Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Lote I: Animación sociocultural; Lote II: Bibliotecas; Lote III: Atención ao público (reservado a Centros Especias de Emprego D.A. 4ª LCSP); Lote IV: Novas tecnoloxías “ CON/21/2020. |

1. Dáse conta da interposición dos recursos especiais en mateira de contratación contra os pregos do expediente denominado Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Lote I: Animación sociocultural; Lote II: Bibliotecas;



## CONCELLO DE SANTIAGO

Lote III: Atención ao público (reservado a Centros Especias de Emprego D.A. 4ª LCSP);

Lote IV: Novas tecnoloxías, por:

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIGA): indentificado co núm de recurso 264/2021.

SERRAL ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE ARCHIVOS Y BIBLIOTECAS SL: indentificado co núm de recurso 269/2021.

2. Dáse conta das resolucións do TACGal de datas 30/11/2021 para o recurso 264/2021 e 3/12/2021 para o recurso 269/2021, da adopción de medidas cautelares que suspenden o procedemento de adxudicación.

3. Dáse conta de que se enviou a documentación requirida ao TACGal, e as alegacións aos ditos recursos solicitando a súa desestimación no caso do recurso núm 264/2021 e a súa inadmisión no caso do recurso núm 269/2021

### 25. **CONTRATACIÓN. Referencia: VALIDACIÓN S/2021/258.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Neumáticos Pájaro, S.L., con CIF núm. B15046238 en concepto de subministración de pneumáticos para o parque móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondentes ao mes de setembro de 2021. |

**Primeiro.**- Valídase a omisión da función interventora en relación con este expediente.

**Segundo.**- Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL DOUSCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.234,99 €), segundo relación contable de facturas S/2021/258 emitidas pola empresa NEUMÁTICOS PÁJARO, S.L.

**Terceiro.**- Dispónse a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### 26. **CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/276.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Neumáticos Pájaro, S.L., con CIF núm. B15046238 en concepto de subministración de pneumáticos para o parque móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondentes ao mes de outubro de 2021. |

**Primeiro.**- Valídase a omisión da función interventora en relación con este expediente.

**Segundo.**- acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SETECENTOS SETENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (771,57 €) segundo relación contable de facturas S/2021/276 emitidas pola empresa NEUMÁTICOS PÁJARO, S.L.


**Terceiro.**- Dispónse a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### 27. **CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/269.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varios provedores en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre xullo e outubro de 2021. |

**Primeiro.**- Valídase a omisión da función interventora en relación con este expediente.





## CONCELLO DE SANTIAGO

**Segundo.-** acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.502,82 €), segundo relación contable de facturas S/2021/236 expedida por NATURGY IBERIA, S.A. e por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.L.

**Terceiro.-** Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### 28. **CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/267.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Sistemas de Seguridade A-1, S.L. (CIF núm. B15259765) en concepto de servizos de mantemento dos sistemas de seguridade, extintores e alarmas das distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre os meses de xaneiro a decembro do ano 2021. |

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITO MIL SEISCENTOS SEIS EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (8.6006,52 €) segundo relación contable de facturas S/2021/267 que comeza pola factura numero F/2021/4495 por importe de 1.357,81 euros, emitida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L., (CIF núm. B15259765) e remata pola factura número F/2021/5716 por importe de 72,60 euros, expedida pola empresa COMERCIAL EXTINTORES GALICIA, S.L. (CIF núm. B36023737).
3. Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### 29. **CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/268.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresa en concepto de mantemento e reparación de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes aos meses de xaneiro e outubro do ano 2021. |

Acórdase:

**Primeiro.-** Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

**Segundo.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEIS MIL CINCOCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (6.569,39 €) segundo relación contable de facturas S/2021/268 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2021/4913 por importe de 591;94 euros emitida pola empresa ZARDOYA OTIS, S.A. e remata pola número F/2021/5866 por importe de 1.078,10 euros emitida por SCHINDLER, S.A.


**Terceiro.-** Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### 30. **CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/266.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de aluguer, mantemento e consumo copias en varios departamentos municipais correspondentes a varios períodos entre os meses de decembro de 2020 e novembro do ano 2021. |

Acórdase:

**Primeiro.-** Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.



## CONCELLO DE SANTIAGO

**Segundo.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEIS MIL CENTO SETENTA E NOVE EUROS CON VINTETRES CÉNTIMOS (6.179,23 €) segundo relación contable de facturas S/2021/266 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2021/3257 por importe de 15,51 euros emitida por SOLITIUM NOROESTE, S.L. (ANTES NEA F3 IBERICA SLU), e remata pola número F/2021/5901 por importe de 249,59 euros emitida por RICOH ESPAÑA SLU.

**Terceiro.-** Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **31. DEPORTES. Referencia: 3505-fact def xuño/xullo/agosto.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas F/2021/3791, F/2021/3792 e F/2021/4591 emitidas por Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares SA (en adiante CESPASA SA) (CIF: A82741067) en concepto de prestación do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do Departamento de Deportes, correspondente aos meses de xuño, xullo e agosto de 2021. |

Acórdase:

- 1.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do Departamento de Deportes, correspondentes aos mes de xuño, xullo e agosto de 2021.
- 2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación dos gastos por importe de TRINTA E NOVE MIL SETECENTOS NOVENTA E DOUS CON CINCUENTA E UN EUROS (39.792,51 euros) considerando a suma das tres facturas (F/2021/3791, F/2021/3792 e F/2021/4591) a favor da empresa CESPASA SA, imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2120101 do orzamento vixente.
- 3.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo


### **32. DEPORTES. Referencia: 3505-fact setembro/outubro.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas F/2021/4741 e F/2021/5604 emitidas pola Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares SA (en adiante CESPASA SA) (CIF: A82741067) en concepto de prestación do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do Departamento de Deportes, correspondente aos meses de setembro e outubro de 2021. |

Acórdase:

- 1.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do Departamento de Deportes, correspondentes aos meses de setembro e outubro de 2021.
- 2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación dos gastos por importe de VINTE E SEIS MIL CINCOCENTOS VINTE E OITO CON TRINTA E CATRO (26.528,34 euros) considerando a suma das dúas facturas (F/2021/4741 e





## CONCELLO DE SANTIAGO

F/2021/5604) a favor da empresa CESPAS SA, con CIF.: A82741067, imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2120101 do orzamento vixente.

3.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.289

### 33. **INFORMÁTICA. Referencia: Inf 9 Ute Telefonica.**

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Ute D Telefónica de España SAU telefónica móbiles España correspondentes a varios períodos entre abril e outubro de 2021 |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.  
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SESENTA E NOVE MIL CATROCENTOS EUROS E CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (69.400,51 €), segundo se detalla na relación contable de facturas S/2021/250, e que comeza pola número F/2021/4053 por importe de 4.484,51 e finaliza pola número F/2021/5354 por importe de 1.308,57 euros, que figura no expediente, en concepto de servizo corporativo de telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móvil, comunicación de datos e servizos adicionais) e servizo de centro de atención o usuario (CAU) correspondentes a varios períodos entre abril e outubro de 2021)

### 34. **EDUCACIÓN. Referencia: S/2021/289 FERROVIAL CEIP LIMPEZA OUTUBRO.**

Convalidación de gastos por omisión da función interventora das facturas expedidas por Ute Ferroviais Servizos, S.A. y Ferroserv Servizos Auxiliares, S.A. (Servizos Centros Públicos Santiago de Compostela UTE), con CIF núm. U86729720, en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ao mes de outubro de 2021. |

Acórdase:


1. Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITENTA E SETE MIL CINCOCENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (87.565,90 €), en concepto de servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período de outubro de 2021.
3. Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### 35. **EDUCACIÓN. Referencia: S/2021/254 FERROVIAL CEIP LIMPEZA SETEMBRO.**

Convalidación de gastos por omisión da función interventora das facturas expedidas por Ute Ferroviais Servizos, S.A. y Ferroserv Servizos Auxiliares, S.A. (Servizos Centros Públicos Santiago de Compostela UTE) con CIF núm. U86729720, en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ao mes de setembro de 2021. |

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITENTA E SETE MIL CINCOCENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON



## CONCELLO DE SANTIAGO

NOVENTA CÉNTIMOS (87.565,90 €) en concepto de servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período de setembro de 2021.

3. Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### 36. EDUCACIÓN. Referencia: S/2021/273 EIM OUTUBRO.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora das facturas expedidas por Servicios y Materiales, S.A. (SERMASA), con CIF núm. A28781151, en concepto de xestión das escolas infantís municipais de Meixonfrío-Salgueiriños, Conxo e Fontiñas correspondentes ao mes de outubro de 2021.

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SESENTA E CINCO MIL SETECENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (65.787,79 €), segundo a relación contable S/2021/273 que comeza pola número F/2021/5300 por importe de 33.389,52 euros e finaliza pola número F/2021/5301 por importe de 32.398,27 euros, en concepto de xestión das escolas infantís municipais de Meixonfrío-Salgueiriños, Conxo e Fontiñas correspondente ao mes de outubro de 2021.
3. Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### 37. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2021/00058356V.

Validar a autorización do gasto omitida na tramitación administrativa destes expedientes.

Acórdase:

1. Validar a autorización do gasto omitida na tramitación administrativa dos expedientes sobre custo por asistencia a cursos de formación de persoal municipal.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CINCOCENTOS CINCUENTA EUROS (550,00€).

### 38. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2021/00049522S.

Transmisión inter vivos da licenza de taxi número 147.

Accédese á solicitude de transmisión dunha licenza.

### 39. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00057429X.


Permuta das casetas NA348, NA349 e NA350, da titularidade de “Congelados José Bermúdez, S.L.” polas casetas NC198, NC199 e NC200, da titularidade de José Bermúdez Outón.

Autorízase a permuta.

### 40. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00058177E.

Proposta á Xunta de goberno da cidade de Santiago de Compostela para aprobación do Plan de emerxencias para o abastecemento urbano da auga.

Apróbase o Plan de emerxencias para o abastecemento urbano da auga en Santiago de Compostela e o seu envío a Augas de Galicia para a emisión do seu informe preceptivo.



## CONCELLO DE SANTIAGO

### 41. **PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00023326Q.**

Aprobación da xustificación do Convenio de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese 2021 |

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado entre a CÁMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con documento oficial de identificación ESQ1573004G e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021 por valor de 75.000 euros.

### 42. **SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00022656J.**

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o **02 DE AGOSTO DE 2021** entre o Concello de Santiago de Compostela e a **ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA (SARELA)** para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de **TRES MIL EUROS (3.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria **020 23100 4800005** reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33) |

Apróbase a xustificación.

### 43. **SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020507A.**

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o **28 DE XULLO DE 2021** entre o Concello de Santiago de Compostela e a **FUNDACIÓN ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LARGA DURACIÓN** para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de **TRES MIL EUROS (3.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria **020 23100 4800018** reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33) |

Apróbase a xustificación.

### 44. **SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020000W.**

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o **30 DE XULLO DE 2021** entre o Concello de Santiago de Compostela e o **ILUSTRE COLEGIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de **DOUS MIL EUROS (2.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria **020 23100 4800022** reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33) |

Apróbase a xustificación.


### 45. **SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021125T.**

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o **02 DE AGOSTO DE 2021** entre o Concello de Santiago de Compostela e a **ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA)** para o ano 2021 e o recoñecemento da obriga, pola contía de **DOUS MIL NOVECENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (2.992,89 €)**, con cargo á partida orzamentaria **020 23100 4800009** reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33) |

Apróbase a xustificación.

### 46. **SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020500L.**

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o **28 DE XULLO DE 2021**



## CONCELLO DE SANTIAGO

entre o Concello de Santiago de Compostela e a **ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO DE ESPECTRO AUTISTA (TEA) DA PROVINCIA DA CORUÑA** para o ano 2021 e o recoñecemento da obriga, pola contía de **TRES MIL EUROS (3.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria **020 23100 4800011** reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33) |

Apróbase a xustificación.

### 47. **SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00019246F.**

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o **26 DE XULLO DE 2021** entre o Concello de Santiago de Compostela e a **FUNDACIÓN MONTE DO GOZO** para o ano 2021, pola contía de **CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria **020 23100 4800020** reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33) |

Apróbase a xustificación.

### 48. **SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00044988N.**

Aprobación da xustificación do convenio asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e a Soc. Coop. Galega Mercado de Abastos de Santiago. |

Apróbase a xustificación do convenio asinado entre o Concello de Santiago e a Sociedade Cooperativa Galega Mercado de Abastos de Santiago formalizado o 9 de novembro de 2021 por importe de 10.000 euros con imputación á aplicación orzamentaria 010 43120 4790001

### 49. **COMERCIO. Referencia: 2021/00050786Z.**

Aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro. |

Aprobación da xustificación e pagamento da subvención a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental, co CIF G15382468 por importe de 31.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890001.


### 50. **COMERCIO. Referencia: 2021/00052878J.**

Aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial na anualidade 2021 |

Aprobación da xustificación e pagamento da subvención concedida á Comunidade de Propietarios Centro comercial Area Central por importe de 30.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890004.25

### 51. **IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2021/00021684F.**

Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o **28 DE XULLO DE 2021** entre o Concello de Santiago de Compostela e **CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO** para o ano 2021 e o recoñecemento da obriga, pola contía de **VINTE NOVE MIL SETECENTOS VINTETRÉS EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS DE EURO (29.723,33 €)**, con cargo á partida orzamentaria **050 23102 4800001** reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021



## CONCELLO DE SANTIAGO

(artigo 33) |

Apróbase a xustificación.

### 52. DEPORTES. Referencia: 2021/00051617V.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Española de Luchas Olímpicas y Disciplinas asociadas, ano 2021. |

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa Federación Española de Luchas Olímpicas y Disciplinas Asociadas.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de **8.000 €** con cargo á aplicación 090 34100 4890021 do orzamento municipal do ano 2021.

### 53. DEPORTES. Referencia: 2021/00051634B.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Special Olympics Galicia, ano 2021. |

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa Asociación Special Olympics Galicia.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 3.500 € con cargo á aplicación 090 34100 4890004 do orzamento municipal do ano 2021.

### 54. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2021/00021694V.

Aprobar o recoñecemento das obrigas e a xustificación das subvencións concedidas na convocatoria de subvencións para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI) e de prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2021 |

Apróbase o recoñecemento das obrigacións derivadas das xustificacións de subvencións presentadas polas distintas entidades beneficiarias (12 entidades), así como o seu pagamento polos importes concedidos de subvención. O importe total da convocatoria polo que se propón o pagamento: 14.705,00 € + 9.778,11 € = 24.483,11 €

### 55. COMERCIO. Referencia: 2021/00057046H.


Aprobación da concesión e xustificación das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería local a través dos bonos Corazón Compostela. |

Acórdase:

1. Aprobar a concesión e xustificación das devanditas axudas. O importe total das axudas ascende a 588.150,99 euros, con cargo á aplicación 010 43100 4890101. Os fondos foron distribuídos e xustificados pola entidade colaboradora designada, e coa que se asinou o correspondente convenio, Abanca Corporación bancaria S.A.

### 56. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2021/00054056H.

Aprobación do proxecto de "Medidas Correctoras derivadas do P.A.U. do Estadio Municipal Verónica Boquete – Fase 1 (Actuacións Prioritarias)". |



## CONCELLO DE SANTIAGO

Apróbase o PROXECTO DE EXECUCIÓN DE “MEDIDAS CORRECTORAS DERIVADAS DO P.A.U. NO ESTADIO MUNICIPAL VERÓNICA BOQUETE – FASE I”, coas seguintes condicións:

### ORZAMENTO

- O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 100.801,15 €
- O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 119.953,37 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)
- O.B.L. + I.V.E. 145.143,58 € (O.E.C. + 21% I.V.E.)

### PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución previsto é de 4 meses.

#### **57. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022322R.**

Corrección de erros do acordó de toma de coñecemento da sinatura do convenio co Ateneo de Santiago.

Acórdase:

1. Corrixir o erro detectado na parte dispositiva do acordo do día 21 de setembro no seguinte sentido:

Onde di: Visto o informe proposta asinado polo técnico municipal de xestión e programación cultural, doulle a miña conformidade en todos os seus termos. Déase traslado á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela co fin de ser aprobado. Se for o caso.

Debe decir: Tomar coñecemento da sinatura do seguinte convenio:

#### **58. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00058186P.**

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da Providencia de data 11/11/2021 referente ao Recurso de Casación 5854/2021 ditada polo Tribunal Supremo.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da providencia e sentenzas sobre declaración de ruína dun inmovible.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

#### **59. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00058161Y.**

Dación á Xunta de Goberno Local de sentenza recaída no PO 046/2019 CA1

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza (expediente de reposición da legalidade)
2. Ordenar a non interposición de recurso.
3. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

#### **60. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00057477N.**

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no PO 128/2019 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2.


Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza sobre a ampliación aforo discoteca “La facultad”.
2. Non interpoñer recurso de apelación.
3. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para a súa execución.

#### **61. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00057476B.**

Dación á Xunta de Goberno Local de sentenza recaída no AP 7116/2021 TSX PO 360/2019





## CONCELLO DE SANTIAGO

CA2 |

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza sobre a entrega dos importes de certificacións de obras para atender embargos de terceiros.
2. Remitir ao Servizo de Intervención para o seu coñecemento e execución parcial.
3. Agardar pola súa firmeza. En caso de presentarse recurso de casación, formular oposición ao mesmo.

### 62. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00058633H.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas. |

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 17 ao 22 de decembro de 2021.

## URXENCIAS

### 1. VALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA.

**Apróbase:**

- 1.- Validar a omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2021/6336 emitida pola Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares SA (en adiante CESPA SA) (CIF: A82741067) en concepto de prestación do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do Departamento de Deportes, correspondente ao mes de novembro de 2021.
- 2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL DUASCENTAS SESENTA E CATRO CON DEZASETE EUROS (13.264,17 euros) segundo a factura F/2021/6336 a favor da empresa CESPA SA, con CIF.: A82741067, imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2120101 do orzamento vixente.
- 3.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.


### 2. CONVENIO.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o **26 DE XULLO DE 2021** entre o Concello de Santiago de Compostela e a **COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO** para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de **SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria **020 23100 4800001** reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33)

### 3. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.

Acórdase:

1. Prorrogar o contrato de Xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano e calesquera outras infraccións nos ámbitos de seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios do Concello de Santiago de Compostela asinado coa empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL co NIF.- B 96 067 400, polo prazo de 2



## **CONCELLO DE SANTIAGO**

anos a contar dende o 2 de xaneiro de 2022 ata o 1 de xaneiro de 2024.

2. Aprobar e comprometer un gasto de 1.353.133,32 euros para a prórroga do contrato, que se financiará con cargo a aplicación orzamentaria 060 93200 2270600 XESTIÓN SISTEMA TRIBUT. ESTUDOS E TRAB TÉCNICOS.INFRAC.TRAFI.

Os pagamentos efectuaranse consonte o establecido na cláusula segunda do contrato, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2022: 676.566,66 euros.

Anualidade 2023: 676.566,66 euros.

